



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### PROVINCIAL

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

##### Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

*R.P. 2022/14603. Aprobación das bases e a convocatoria das residencias artísticas Mariñán música do ano 2022*

Por resolución do presidente da Deputación núm. 14603, do 22 de marzo de 2022, aprobáronse as Bases e a convocatoria das Residencias artísticas Mariñán música do ano 2022, co seguinte texto:

#### Residencias artísticas Mariñán música do ano 2022

A área de Cultura da Deputación da Coruña vén desenvolvendo desde hai anos unha moi importante labor de apoio á creación artística a través da convocatoria anual de todo un amplo repertorio de premios e certames nos diferentes ámbitos e disciplinas.

No ano 2022 a Área de Cultura da Deputación da Coruña quere reforzar as súas liñas de apoio ás creadoras e creadores a través da posta en marcha dun novo programa, centrado non nas pezas ou resultados finais, senón no apoio aos procesos creativos, a través dunha nova iniciativa: as Residencias Artísticas Mariñán.

A través da presente convocatoria dáse comezo a este programa coa selección de catro proxectos do ámbito musical para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán, de acordo ás seguintes:

#### BASES

##### Primeira.-Obxecto e finalidade.

Este programa ten por obxecto seleccionar catro proxectos do ámbito musical para desenvolver a súa residencia creativa no Pazo de Mariñán.

Os obxectivos do programa son os seguintes:

- Promover o desenvolvemento da produción musical galega desde unha ollada contemporánea e consciente.
- Establecer un contexto de acompañamento e formación para mellorar a viabilidade e a profesionalización das producións.
- Crear sinerxias con outras residencias e programacións para fomentar o intercambio de propostas e artistas e mellorar a proxección das producións.

##### Duración e calendario das residencias:

Seleccionaranse un máximo de 4 residencias ao ano, das cales dúas se desenvolverán no mes de maio e dúas no mes de novembro.

Cada residencia terá unha duración máxima de 7 días.

Será a persoa comisaria do programa de residencias quen defina o calendario final das residencias, de acordo coas persoas responsábeis dos proxectos seleccionados, as persoas responsábeis do Pazo de Mariñán e o propio Servizo de Cultura da Deputación da Coruña.

##### Dotación das residencias:

- Espazo de traballo no Pazo de Mariñán, con varias estancias de diferentes características para adaptarse ás necesidades de creación do proxecto. O espazo conta con conexión a internet e os medios técnicos e materiais básicos para o desenvolvemento das residencias.
- Aloxamento en réxime de pensión completa no Pazo de Mariñán durante os días da residencia.
- Acompañamento e seguimento da proposta por parte da comisaria das residencias durante a estancia no Pazo de Mariñán, co fin de facilitar a viabilidade do proxecto e a súa inserción no contexto musical profesional.
- Formación específica para a profesionalización e a distribución do proxecto por parte de expertas/os convidadas/os.

- Visitas e reunións con outras e outros axentes culturais e programadores como apoio á continuidade da proposta dentro dos circuítos musicais.
- A residencia inclúe o custo das necesidades técnicas da creación, como o deseño escénico, o deseño de luces e de son ou o vestiario, que en ningún caso poderá superar os 3.000 €, IVE incluído.

**Segunda.–Solicitantes.**

O programa está dirixido a bandas ou artistas solistas maiores de 18 anos que teñan a súa residencia na Comunidade Autónoma de Galicia.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática as persoas solicitantes deberán dispor de:

- \* Certificado dixital.
- \* Un único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións.

**Terceira.–Requisitos de participación.**

- As propostas presentadas poderán ser de calquera estilo musical e deberán estar compostas de repertorio propio, excluíndose aquelas que só contén con versións doutras/os autoras/es, exceptuando as baseadas na música tradicional.
- A lingua galega deberá ser a lingua principal do contido artístico da proposta, sen que iso impida a presenza tamén doutras. Igualmente a lingua galega será a lingua por defecto na presentación do proxecto, na comunicación social deste e en xeral en todos os soportes de comunicación e desenvolvemento do proxecto.
- Non se admitirán en ningún caso proxectos con contidos machistas, homófobos, tránsfobos, racistas ou que atenten contra a liberdade e a dignidade das persoas.

**Cuarta.–Prazo de presentación da solicitude.**

O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días a contar desde o día seguinte ao da publicación das Bases reguladoras das Residencias no BOP da Coruña.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a candidatura.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

**Quinta.–Documentación.**

Cada participante poderá presentar unha única solicitude na que figure:

- Nome e apelidos e DNI da persoa representante/responsable do proxecto.
- Nome artístico da banda ou artista.
- Nome provisional ou definitivo do proxecto.

Coa solicitude deberá achegar tamén a seguinte documentación:

- Nomeamento da persoa representante para a súas relacións coa Deputación da Coruña.
- Memoria descriptiva do proxecto que inclúa:

Biografía/traxectoria da banda ou artista.

Descrición detallada do proxecto.

Elenco artístico e técnico, especificando todas as funcións, incluíndo posíbeis colaboracións.

Motivación explicando os obxectivos da participación.

Enlaces a videos, audios e material gráfico dos proxectos anteriores, se existen, das persoas solicitantes.

Desglose detallado do custo das necesidades técnicas da creación.

Desglose da outra financiación do proxecto, se a hai: patrocinios privados, subvencións públicas, co-producións, financiación propia...

- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación na Convocatoria do programa de residencias artísticas Mariñán música durante o ano 2022, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais.

#### **Sexta.-Xurado.**

O xurado estará presidido polo deputado de Cultura e formarán parte del tres persoas expertas de recoñecido prestixio do ámbito musical propostas por el.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, na páxina web da Deputación ([www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal)), co fin de que se poidan interpor, se é o caso, os recursos legais pertinentes.

O xurado actuará en pleno, sendo necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución será aplicado o disposto no Art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será estendida a acta correspondente.

O xurado poderá declarar deserta/s a/s residencia/s, e a proposta que formule será obxecto da resolución da Presidencia, que resolverá a súa aprobación. A decisión do xurado será inapelable.

#### **Sétima.-Valoración das solicitudes e resolución da convocatoria.**

7.1.-A valoración das solicitudes realizarase de acordo cos seguintes criterios e puntuacións:

- Singularidade, interese e calidade artística do proxecto. Ata 20 puntos.
- Viabilidade e coherencia do proxecto. Ata 10 puntos.
- Potencial de proxección social da proposta. Ata 10 puntos.
- Innovación e orixinalidade artística ou conceptual. Ata 10 puntos.
- Implicación co territorio e a comunidade local. Ata 10 puntos.
- Igualdade de xénero no elenco artístico e técnico. Ata 10 puntos.
- Vinculación con creadoras/es doutros territorios ou outras disciplinas artísticas. Ata 15 puntos.
- Opcións de co-produción con outras residencias, festivais ou espazos de programación. Ata 15 puntos.

A puntuación total de cada solicitante obterase pola suma das puntuacións anteriores.

7.2.-O xurado formulará a súa proposta de concesión, que será motivada, e as súas deliberacións serán segredas. Poderá nomear o número de suplentes que considere oportuno, establecendo unha orde de prioridade en función da puntuación obtida. Estas persoas accederán á residencia, unicamente, no caso de existir algunha renuncia ou revogación polo incumprimento das obrigas desta convocatoria.

7.3.-O órgano competente para ditar o acordo de resolución da convocatoria é o presidente da Deputación.

A resolución da convocatoria será dada a coñecer mediante a publicación na páxina web [www.dacoruna.gal](http://www.dacoruna.gal), e producirá os efectos de notificación ás persoas interesadas, polo que a presentación leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos solicitantes e da súa publicación na citada páxina web. Nos días seguintes á publicación, as persoas seleccionadas serán contactadas a fin de coordinar e dispor o necesario para encetar as estadias. Tamén se dará conta do resultado deste proceso de selección a todas as persoas que se presentaran á convocatoria.

7.4.-Contra a resolución de concesión das residencias, poderán ser interpostos, con carácter potestativo, os seguintes recursos:

Recurso de reposición, perante o presidente da Deputación Provincial, no prazo dun mes.

Recurso contencioso administrativo, perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses.

Ambos os dous prazos contaránse desde o día seguinte ao da notificación da resolución da convocatoria, de conformidade co establecido na base 7.3 desta convocatoria.

A presentación dos recursos sinalados non poderá facerse con carácter simultáneo.

**Oitava.–Realización do proxecto e obrigas dos residentes.**

- Cumprir as normas de uso do Pazo de Mariñán, que serán facilitadas ás persoas participantes antes do inicio da residencia e que terán que devolver asinadas para a súa conformidade. En momentos puntuais as residencias poderán ter que convivir con outras actividades e con outras persoas usuarias do Pazo, sempre respectando os seus espazos de traballo.
- Participar nas actividades que se organicen desde a Deputación da Coruña para dar difusión ao programa de residencias, como presentacións para prensa, videos ou calquera outro formato.
- Facilitar ao departamento de comunicación da Deputación da Coruña todo o material promocional necesario para a difusión do proxecto. As persoas responsables dos proxectos seleccionados darán o seu consentimento para que se fagan fotos e videos para difusión da residencia.
- Nomear a Área de Cultura da Deputación da Coruña en todas as comunicacións que se fagan da residencia, do proceso ou da obra resultante, tanto en redes sociais como en notas de prensa.
- Ao rematar a residencia, presentar unha memoria que explique o traballo realizado e recolla as conclusións. A memoria será completada e asinada pola comisaria. Do mesmo xeito, o proxecto participante fará unha presentación pública (un concerto) da obra creada na residencia. O lugar será escollido pola Deputación da Coruña e a data será acordada entre ambas partes segundo dispoñibilidade. A Deputación cubrirá unicamente os gastos técnicos e de SS desa presentación.
- Nos soportes de edición e comercialización do proxecto, deberá figurar de forma expresa a seguinte frase: “Este proxecto contou cun apoio para o seu desenvolvemento a través das Residencias Creativas Mariñán Música, da Deputación da Coruña”. Igualmente debe aparecer o logotipo de “A cultura é un dereito”.

**Novena.–Aceptación das bases.**

A participación nesta convocatoria supón a total aceptación destas bases.

**Décima.–Protección de datos.**

Os datos subministrados teñen a finalidade de poder tramitar esta convocatoria e están protexidos pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial da Coruña, e o encargado será a empresa contratada pola Deputación Provincial para coordinar o Certame, no caso de se contratar. A lexitimación para o tratamento dos datos persoais contidos nesta solicitude é o consentimento que o asinante outorga á Deputación Provincial coa súa firma. No caso de que sexa denegado o consentimento para o tratamento dos datos persoais, non poderá presentarse ao Certame por imposibilidade de tramitación da solicitude. O destinatario dos datos é a Deputación Provincial que non cederá datos a terceiros, salvo obriga legal. Os datos facilitados conservaranse ata a finalización da tramitación da convocatoria. As persoas que participen na convocatoria poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade dos datos, oposición e limitación do seu tratamento, dirixíndose por escrito ao Rexistro de Entrada da Deputación Provincial da Coruña, no enderezo Avenida Porto da Coruña, n.º 2 - 15003 A Coruña, ou ben a través da sede electrónica. Para calquera outra dúbida poden dirixir un correo ao enderezo delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal. Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude (<https://www.dacoruna.gal/documentacion/impresos-oficiais>). Pode consultar a política de privacidade da Deputación na dirección [//www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade](https://www.dacoruna.gal/avisos/politica-privacidade).

A Coruña, 22 de marzo de 2022.

O presidente

Valentín González Formoso

A secretaria

Amparo Taboada Gil

2022/1528